

O Castro do Bispo (Rececende, A Pontenova) e o seu contorno

Berto Alonso González

N da R.- Este artigo é unha versión ampliada e traducida ó galego dunha serie de colaboracións publicadas polo autor en diversas datas no xornal “La Voz de Galicia” (edición Lugo). Considerouse de interese que viran agora a luz en CROA, de xeito conxunto e íntegro e adaptadas ó carácter deste Boletín, aquelas noticias e informacións de índole arqueolóxica e histórica, referidas a unha das zonas estremeiras da Terra Chá.

Despois de ver o repetido interese que nos medios de comunicación causaron determinadas noticias sobre o Castro do Bispo, sito no barrio de Currás, parroquia de San Xoán de Rececende, no concello da Pontenova, non nos resistimos a dar algúns datos máis concretos sobre o referido Castro e o seu contorno.

Este Castro (Foto 1) está ubicada na beira dereita do río Torto, afluente do Eo, nun outeiro de pouca altura e moi próximo a aquel río, que o arrodea polo Norte, Leste e Oeste, lado no que se acha a Ponte de Don Benito, nome que data de máis de douscentos anos, cando vivía tal señor, fidalgo empadronado como noble en 1790 e veciño do barrio das Roxas. Daquela ponte á estrada da Pontenova haberá uns cincuenta metros, e no sitio da Chousa das Roxas, na parte Sur vese a aba “traseira” do Castro. Outros cincuenta metros máis arriba advértense aínda restos dunhas escavacións que se estenden nunha franxa duns douscentos metros de longo por uns vinte e cinco de anchura, e nas que aínda era posible apreciarmos varios muros en estado de conservación moi diverso, unhas circulares e outras rectas, todas elas cubertas hoxe por pólas de árbores que foron talados naquel lugar. Todo isto indica a existencia dunha ocupación anterior á época actual, sexa coetánea ou posterior ó poboamento do citado Castro.

Ó mesmo tempo, e quizais como dependencias auxiliares do propio Castro, uns cen metros máis arriba (Foto 1), hai unha grande fosa escavada, que, din, foi “barreira” da que se extraía o material para a elaboración de cerámica, e o certo é que á entrada da tal fochanca existían as paredes do que parecen ser dúas pequenas casas ou cabanas onde se supón que facían o seu labor os oleiros.

Hai anos que no Castro se atoparon obxectos de cerámica abondos, como pratos pequenos e grandes e todos “moi bonitos”, que moi logo romperon os nenos xogando con eles ó ignoraren o seu valor histórico, anque si se conservou unha xerra para botar o viño os días de festa ou

de mallas de trigo, xerra á que lle chamaban “a garza” pola similitude da forma. Tamén apareceron olas de barro cheas dun pó amarelo (¿ouro?), que romperon e espaxaron polo chan sen darlle importancia, crendo que se trataba dunha broma.

Este conxunto castrexo está arrodeado por dous regatos: polo Leste o das Tercias e polo Oeste o das Regas, que nace por baixo da citada “barreira”. Monte arriba non está lonxe a Pena da Escrita, desde o lugar de Currás ata o cumio; no centro deste as rochas sepáranse ou ábrense como para deixar un acceso doado ó outro lado. Parece ser que este paso foi o Camiño Real que desde a Terra de Miranda se dirixía a Meira e a Lugo. Desde o alto domí-




Foto 1

nase practicamente todo o Val de Miranda, ó Oeste Riotorto e logo as terras de Bretoña e Mondoñedo, ó Leste Vilameá, Vilaodríz, Conforto e os montes que son xa de Asturias, mentres ó fronte queda todo Rececende (San Xoán e San Estevo). Seguindo o camiño está a Pena Posta, que xunto coa Escrita marcan os lindeiros antigos de Rececende con Vilameá e Riotorto respectivamente. Veciños de Currás contan que nunha das penas había inscricións (que nós non poidemos ver) e o nome de Pena Escrita así o indicaría.

Así pois, o asentamento castreño ocupaba un lugar propicio, con auga abundante e de cómodo acceso, ademais da garantía de dominar a comarca desde o alto para controlar todo tipo de continxencia ou achegamento de xentes descoñecidas.

Concretaremos agora algo máis sobre os restos existentes na periferia do Castro do Bispo. Pola parte de arriba, entre os vestixios de antigos poboados e a citada barreira, hai unha parede duns 40 ou 50 m. de longo disposta en dirección Norte-Sur; é semellante ás que é frecuente atopar nos vedros de monte onde se cavaba para sementar trigo e outros cereais así como para pastoreo de gando. O dito muro, ademais, viña funcionar coma un reloxo de sol: cando non facía sombra para ningún lado, era mediodía e polo tanto hora de ir comer e repousar; dada a súa ubicación central en relación ó seu contorno, tanto para os traballadores do campo como para os alfareiros da barreira, a súa utilidade era indubidable.





Foto 2

Segundo río abaixo, e a uns douscentos metros do Castro, aprécianse uns cortes ou escavacións no terreo que, a dicir dun enxeñeiro de concentración parcelaria, semellan ser explotacións mineiras auríferas de época romana (Foto 2). Un pouco máis adiante baixa o regato chamado Rego de Cides, que fai de lindeiro entre as parroquias de Rececende e Vilameá (lugares de Currás e Liñeiras respectivamente), e del arrinca unha vella canle, hoxe moi derramada, que ata hai pouco regaba uns prados pero pasando antes por unha escavación que ben poido ser un lavadeiro do mineral extraído máis arriba. Cara abaixo está o río Tordo, que conflúe co Eo tres quilómetros máis adiante, e uns mil metros despois, o Pozo da Ola, un bo areal hoxe convertido en praia fluvial da Pontenova. Aquí, cando as minas e fornos de Vilaodríz estaban en funcionamento, os operarios bañábanse no dito areal, no cal, segundo contan, atopaban pebidas de ouro que quizais haxa que relacionar co pó de ouro achado hai anos no Castro do Bispo.

Fronte á outra beira do río Tordo está a aldea das Roxas, que ocupa a parte alta do lugar chamado Castro Vello, dedicado a labradío e onde os veciños, ó parecer, atopaban pedras e lousas “afumadas”, buscando tesouros por baixo delas, ó igual que sucedía noutros leiros sitios máis abaixo e que leva o significativo nome de “As Angrobas”. Un pouco máis ó Oeste, no lugar chamado O Retorno, din que aparecían restos de sepulturas de lousas fincadas.

Como se pode observar, hai séculos que en todo este contorno houbo un poboamento moi activo en distintos traballos e profesións, xa que tamén xunto ó Castro, na beira do río que chaman Prados entre Muíños, existían dous muíños que aproveitaban a auga de xeito sucesivo, contradicindo así o refrán que reza “auga pasada non move muíño”. En tempos recentes este contorno repobouse de eucaliptos coa conseguinte destrución e deterioración de vestixios arqueolóxicos, sen que ninguén teña tomado ningún tipo de medidas, e incluso pode apreciarse nas zonas citadas e cada pouco tempo certa remoción de terras.



Nesta comarca existen outros asentamentos antigos que agora mencionaremos.

Na confluencia do río Torto co Eo, e nun alto penedío situado sobre a beira dereita deste último, está o Castro de Vilaodríz, e a máis dun quilómetro monte arriba a chamada Pena do Castro.

Na marxe esquerda de aqueles dous ríos e algo máis distante, vese o Castro de Vilameá ou da Picota, no que hai anos algúns veciños se afanaban en buscar “tesouros” que seguramente nunca acharon. En cambio, si sabemos que na súa ladeira Norte e cara ó cumio do monte, no sitio chamado Muro ou Murio, había restos dunha construción circular que, segundo din, era un posto de vixilancia permanente e dependente do propio Castro. Desde logo, este lugar ten unha moi boa situación estratéxica, pois en días claros pode divisarse o mar deica a asturiana Tapia de Casariego así como boa parte da Mariña lucense.

Este mesmo sitio serve de lindeiro entre Vilameá e Rececende e fronte a el está o Castro do Teixo ou de Mariélez, a poucos metros do regato de San Estevo, que conflúe con Torto pouco antes do Castro do Bispo. Este Castro do Teixo consérvase bastante ben pesia a que foi expoliado abondo, e aínda se poden ver unhas paredes que baixan cara á entrada dun subterráneo que parece estar en bo estado, ó igual que unha fosa na que metían unha vara ou panca de máis de dez metros e non chegaba ó fondo e se tiraban unha pedra soaba con grande e profundo estrondo. Hai anos, un sartego que alí existía foi levado para servir de bebedeiro do gando. Por último, cruzando o regato e no monte fronteiro, perto de Moxueira e Riotorto, houbo outro castro que foi cruzado por unha estrada moderna.

Partindo outra vez do Castro do Bispo e a pouca distancia río arriba, onde se ven xuntar o regato de San Estevo, queda aínda en bo estado pesia ós anos que leva sen traballar, o Mazo de Riegal, chamado “de

tipo romano”. No outro lado do río hai moitos anos había fornos de cocer o cal, ou sexa caleiras, e pouco despois está a igrexa de San Xoán de Rececende, unha das parroquias máis antigas do Arciprestado de Miranda xa que figura entre as 31 que o rei Ramiro mandou reconstruír no ano 935, (co nome de “Recesvinde”segundo a España Sagrada, tomo XVIII, p.309), pois foran destruídas polos sarracenos, o que coincide cunha lenda que temos ouvido contar ó meu avó.

Sempre seguindo o río cara a Riotorto pode haber vestixios de antigos asentamentos, celtas ou non, e quizais anteriores por razóns que expoñeremos noutra ocasión. Xa en Riotorto atopámonos co sitio de Cornide, onde se xuntan o regato que baixa da Cruz da Cancela (lindeira con Mondoñedo) e o de Ferreiravella que ven do Marco de Alvare (estrema coa Pastoriza), e de alí á capital municipal (As Rodrigas) hai uns douscentos metros e outro tanto deica o emblemático castro da Croa (foto 3), verdadeiro símbolo de Riotorto, ó que semella axexar e controlar desde a súa atalaia gardando o segredo dos seus tesouros, lendas e realidades, acochándose baixo a mesta arboreda de carballos e castiñeiros que alí, afortunadamente, aínda existe.

Polo seu lado Noroeste, entre o río que ven da Cruz da Cancela e as murallas do Castro, só hai unha “pista”, antes un camiño de carro, e subindo pola mesma banda existen unhas grandes fosas e camiños de entrada por entre as murallas ata chegar á propia Croa. Polo lado Leste, de menor pendente e hoxe destinado a praderíos, advértense restos de tres

ou catro murallas máis. Polo Sur pasa unha estrada por onde está o barrio de Teixeira, a pouca máis de 50 m. da súa periferia e onde parece estar o lugar de entrada, pesia a estar na parte máis achegada ó cumio.

Desta Croa de Riotorto dise que hai túneles e grandes fosas subterráneas con escaleiras de acceso ó río, aínda que todo el está tan abandonado e oculto que é difícil comprobalo, se ben a súa importancia dentro da comarca explicaría moitos dos rasgos que lle atribúen. Segundo os veciños da zona, que traballaban as terras circundantes, neste Castro atopáronse varias cousas, ás que non adoitaban dar importancia, destruíndoas ou vendéndoas a outras persoas. Con todo, fábase da aparición dun torques de grande tamaño que acabou nas mans de vendedores ambulantes de panos e outros produtos que, á súa vez, instalados en Foz, lle venderan a un señor de Burela e de aquí iría a parar ó Museo de Lugo.

Está mellor contrastada a cita de Amor Meilán no seu volume dedicado á provincia de Lugo na *Geografía General del Reino de Galicia* (publicada a comezos dos anos vinte) cando recolle o achado dunha empunadura dun puñal de antenas de ferro, descrita por Villa-Amil y Castro no *Museo Español de Antigüedades* (de 1876, p.547) xunto con outros achados semellantes, incidindo na importancia e expansión que a civilización do Hallstatt tería nesta comarca.




Foto 3

Se seguimos subindo deica Sta Marta de Meilán atoparémonos co barrio chamado “do Castro”; en Espasande de Baixo o sitio do Castro, e un pouco máis arriba co lugar “da Engroba”, nomes que por esta zona sempre soen ir asociados.

Así pois, toda a cunca do río Torto ata o seu encontro co Eo estivo moi poboada, tanto nas zonas de ribeira como nas de monte e ladeiras. Os recursos naturais eran abundantes e aínda teñen sona as troitas dos ríos e regatos, e abundan os soutos e as carballeiras que proporcionan castañas e landras, mentres nas zonas máis baixas hai mazairas, pereiras, ameixeiras, cerdeiras, ademais doutros froitos silvestres como amoras, arandos, amorodos, etc., a todo o cal habería que engadir a abundancia de caza maior e menor.

Aínda poderíamos citar máis lugares con sinais de teren sido habitados, fosen no seu día castros ou outro tipo de asentamento. Dase por

certo que don Pelayo se bateu cos sarracenos nestas terras de Miranda e do Eo na súa fuxida cara a Asturias desde a sede episcopal de Bretoña, onde pasaría a súa nenez e adolescencia baxo a tutela do bispo britoniense. É Benito Vicetto quen nolo conta na súa *Historia de Galicia* (tomo X, p.190), como proporcionando credibilidade a lendas contadas polos veciños da comarca, que identifican lugares onde houbo batallas entre Pelayo e os mouros e sinalando que “Don Pelayo, pues, salva la cuenca del Eo y vuelve otra vez a hacer la guerra de guerrillas desde nuestros ásperos desfiladeros lucenses, obligando al moro a retroceder al Eo, de cuyas márgenes igualmente los habría de desalojar” (p.199). Lenda ou realidade histórica, a cuestión é que o Castro do Bispo e todo o val do río Torto tiveron e teñen un grande interese para os investigadores de tempos pasados.

e-CASTREXO

Publicado en versión electrónica en:

<http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/es/mcroa1141.htm> · <http://www.aaviladonga.es/e-castrexo/ga/mcroa1141.htm>